- Aínda que o proxecto licítase coas modificacións que se pretenden introducir, non xeraría unha maior atracción ao mercado da construción, de maneira que as empresas licitadores serían as mesmas. Non se deron variacións importantes no procedemento de licitación e selección da empresa.
- Non se produce unha variación no equilibrio económico do contrato, pois a variación non supón unha modificación relevante que afecte a este punto; existe equilibrio entre as modificacións para introducir e o custo das mesmas. Ademais, non se introducen unidades de obra novas por máis do 50% do orzamento inicial do contrato.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

• O cambio de contratista non é posible por razóns de tipo económico e técnico. Neste punto, o feito de licitar separadamente as obras que se pretenden incluír na modificación do contrato sería manifestamente antieconómico e ineficiente para a Administración, pois supoñería unha nova licitación e presumiblemente unha nova empresa, cuxos traballos habería que coordinar cos da adxudicataria da obra principal. Resulta moi conveniente que a mesma empresa que se encarga da obra principal fágao tendo en conta as modificacións que se expoñen, evitando así que o traballo de varias empresas dea lugar a fallos na coordinación que repercutan na elaboración da obra. Ademais, o feito de que a adxudicataria do proxecto inicial xa dispoña dos medios persoais e materiais para a execución do contrato fai que se produza unha redución nos custos.

O que se informa aos efectos oportunos.

En Carral, o arquitecto do Concello
Félix Quijano Yáñez"

III FUNDAMENTO DE DEREITO

I COMPETENCIA: ÓRGANO DE CONTRATACIÓN

Como consecuencia do disposto na disposición adicional II da Ley de Contratos do Sector Público (en adiante LCSP), o órgano corporativo competente para contratar é o alcalde do concello.

O mencionado órgano ten facultade para adxudicar o correspondente contrato administrativo e, en consecuencia, obtema as prerrogativas de interpretar, resolver as dúbidas que ofrezca o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con subxección á normativa aplicable.

Non obstante hai que ter en conta o punto octavo das Bases Reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña que resulta de aplicación ao expediente ao tratarse dunha obra financiada a través de dito Plan e establece que : " (...) 8.- EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS. Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado Texto refundido da lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do concello.(...)"

II POSIBILIDADE DE MODIFICACION DO CONTRATO

En vista da ausencia de previsión no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares das modificacións contractuais para o caso que nos ocupa, debemos proceder a comprobar se éste tería encaixe nas disposicións do artigo 205 da LCSP "Artículo 205. Modificacións no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares: prestaciones adicionales, circunstancias imprevisibles y modificaciones no sustanciales.

1. Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

a) Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.

b) Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista son os seguintes:

a) Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

1.º Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

2.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

b) Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

1.º Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

2.º Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

3.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

c) Cuando las modificaciones no sean sustanciales. En este caso se tendrá que justificar especialmente la necesidad de las mismas, indicando las razones por las que esas prestaciones no se incluyeron en el contrato inicial.

Dadas as circunstancias descritas na documentación recibida en relación coa modificación contractual, parece que éstas poderían ter encaixe no disposto no artigo 205.2 a) e 205.2 b) tal e como ven xustificado no informe emitido polo técnico municipal de data 09 de agosto de 2021 e anteriormente transcrito de maneira literal.

Débase ter en conta tamén que o proxecto modificado ven asinado dixitalmente o 09 de agosto de 2021 polo contratista en mostra da súa conformidade polo que se considera aceptado o modificado. Así mesmo foi redactado dito proxecto modificado por un terceiro alleo ao órgano de contratación en virtude a un contrato menor de servizos, e ven suscrito por el mesmo en proba tamén de conformidade. Así como polo director da obra que sesulta ser o técnico municipal.

Consonte ao anteriormente exposto, enténdese que estes requisitos se cumpren e que polo tanto, sería admisible xuridicamente a modificación contractual proposta.

CONCLUSIÓN

A modificación do contrato relativo á obra "Modificado nº 1- da obra Proyecto Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)", sería conforme a dereito, sempre e



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

cando os servizos de intervención do Concello emite informe favorable de fiscalización e, se procede da existencia de consignación orzamentaria, e a Deputación da Coruña manifesta a súa conformidade co proxecto.

Carral, na data da sinatura dixital que figura ao marxe

A Secretaria Accidental

Sonia Campos Ares"

Logo de ver o informe da intervención municipal, asinado dixitalmente o 11 de agosto de 2021 por Dona Noemí González Mato que se transcribe literalmente " INFORME DE INTERVENCIÓN

ASUNTO: Modificado nº 1- da obra "Proyecto Modificado nº 1-Proyecto Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)" incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña. Visto que en data 10 de agosto de 2021 remítese a esta Intervención municipal o expediente nº 2018/C003/000006 para a avaliación da posibilidade de modificar o contrato da obra denominada "Modificado nº 1- da obra "Proyecto Modificado nº 1-Proyecto Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)" incluído no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña., adxudicado segundo decreto 126/2019 de data 26 de marzo de 2019.

Esta intervención, en virtude das atribucións de control citadas e establecidas no artigo 213 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, e desenvolvidas no Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico do control interno nas entidades do Sector Público Local; en atención ás facultades recollidas no artigo 4.1.b) 5º do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios da Administración Local con habilitación de carácter nacional, emítese o seguinte,

INFORME

1.- LEXISLACIÓN APLICABLE

- Ley 9/2017, de 8 de novembro, Contratos do Sector Público
- Real decreto 1098/2001 de 12 de outubro polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. -Lei 7/1985 de 2 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 5/1997 de 2 de xullo, Regulamento da Administración Local de Galicia-
- Decreto do 17 de xullo de 1955, polo que se aproba o Regulamento de Servizos das Corporacións Locais.
- Bases do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña.
- Prego de Cláusulas Administrativas, asinado dixitalmente o 29 de xaneiro de 2019 e aprobado en decreto 63/2021 de data 12 de febreiro de 2019.

2.- ANTECEDENTES DE FEITO

O contrato da obra foi adxudicado en data 26 de marzo de 2019, segundo decreto 126/2019, á empresa SYR-AMG, S.L. por una base de CUARENTA E SETE MIL NOVECENTOS SETENTA E TRES EUROS E CINCUENTA E SEIS CÉNTIMOS 47.973,56 € e unha cota do Imposto sobre o Valor Engadido (IVE) soportable polo Concello de DEZ MIL SETENTA E CUATRO EUROS CON CUARENTA E CINCO CÉNTIMOS (10.074,45 €), (resultante de aplicar un tipo do 21%) sendo o total do importe de CINCUENTA E OITO MIL CUARENTA E OITO EUROS E UN CÉNTIMOS (58.048,01 €). A data de formalización do contrato, asinado dixitalmente por Don. José Antonio Gómez, en nome e representación da empresa SYR-AMG, S.L. e cunha duración de TRES MESES (a partires do 26 de xuño de 2019 data de firma dixital da Acta de Replanteo).



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

A acta de comprobación da implantación da obra foi asinada o día 26 de xuño de 2019, sendo asinada por José Antonio Gómez Rodríguez representando a SYR - AMG, S.L., Francisco Javier Gestal Pose, Alcalde do Concello de Carral, e por Félix Quijano Yáñez, Director de obra. Iniciada a escavación da obra, detectouse que o terreo no que se vai realizar a ponte, en canto as súas características resistentes difire entre o sinalado no estudio xeotécnico do proxecto e o que se pode ver na realidade.

En data 21 de outubro de 2019 solicitouse a suspensión das obras a contratista debido a cambio das características xeotécnicas do terreo; procedéndose á solicitude de prórroga á Deputación da Coruña, con data 12 de novembro de 2020, do prazo de execución dos devanditos investimentos até o 30 de xuño de 2021; procedéndose a unha segunda solicitude de prórroga á Deputación de A Coruña, do prazo de execución dos devanditos investimentos, con data 30 de abril de 2020 até o 30 de novembro de 2021, por parte do Concello á Deputación da Coruña.

En decembro de 2020, o director de obra, D. Félix Alberto Quijano Yáñez, informou ao órgano de contratación sobre a necesidade da realización da modificación do proxecto, procedendo posteriormente o Concello á contratación da Enxeñeira de Camiños, Ana M. García Mayo para a redacción do proxecto modificado.

Consta no expediente o PROXECTO MODIFICADO Nº1 – PROXECTO DE AMPLIACIÓN DE PUENTE SOBRE EL RÍO BREXA NA ESTRADA MUNICIPAL ENTRE O LUGAR DE A CALLE E O LUGAR DE O PENEDO (CARRAL-A CORUÑA)", asinado dixitalmente o 9 de agosto de 2021 pola Enxeñeira de Camiños, Ana M. García Mayo


3.- CONSIDERACIÓN.

PRIMEIRO.- Conforme o sinalado na disposición adicional segunda da Ley de Contratos do Sector Público (LCSP), o órgano competente para contratar nas administracións locais é o alcalde do concello, que, ademais ostenta as competencias para interpretar, resolver as dúbidas que ofrece o seu cumprimento, modificalo por razóns de interese público, acordar a súa resolución e determinar os efectos desta, con subxección á normativa aplicable. Nembargantes, no punto oitavo das Bases Reguladoras do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de Concellos) "POS+2018", da Deputación Provincial da Coruña que resulta de aplicación ao expediente ao tratarse dunha obra financiada a través de dito Plan e establece que : " (...) 8.- EXECUCIÓN DOS INVESTIMENTOS. Se para a execución dos investimentos xorde a necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado Texto refundido da lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación. Se o investimento xa está adxudicado, deberá contar coa conformidade do contratista adxudicatario, así como co informe favorable da Secretaría municipal, e no caso de que exista incremento do seu orzamento, deberá contar tamén cun informe favorable da Intervención do concello.(...)"

SEGUNDO: As modificacións que corresponde abordar, conforme o proxecto Modificado nº 1- da obra "Proyecto Modificado nº 1-Proyecto Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)" non se atopan previstas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, recollidas no artigo 205 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos del Sector Público, sendo as estritamente indispensables para responder á causa obxectiva que as fai necesarias (art. 205.1.b), verificándose todas as condicións establecidas no punto 2.a) del artículo 205 da LCSP, sendo necesario engadir obras ás inicialmente contratadas e con modificacións non substanciais, e que, conforme se sinala a no artigo 205:" Artículo 205. Modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares: prestaciones adicionales, circunstancias imprevisibles y modificaciones no sustanciales.

1. Las modificaciones no previstas en el pliego de cláusulas administrativas particulares o que, habiendo sido previstas, no se ajusten a lo establecido en el artículo anterior, solo podrán realizarse cuando la modificación en cuestión cumpla los siguientes requisitos:

a) Que encuentre su justificación en alguno de los supuestos que se relacionan en el apartado segundo de este artículo.



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

b) Que se limite a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

Os supostos que eventualmente poderían xustificar unha modificación non prevista son os seguintes:

a) Cuando deviniera necesario añadir obras, suministros o servicios adicionales a los inicialmente contratados, siempre y cuando se den los dos requisitos siguientes:

1.º Que el cambio de contratista no fuera posible por razones de tipo económico o técnico, por ejemplo que obligara al órgano de contratación a adquirir obras, servicios o suministros con características técnicas diferentes a los inicialmente contratados, cuando estas diferencias den lugar a incompatibilidades o a dificultades técnicas de uso o de mantenimiento que resulten desproporcionadas; y, asimismo, que el cambio de contratista generara inconvenientes significativos o un aumento sustancial de costes para el órgano de contratación.

En ningún caso se considerará un inconveniente significativo la necesidad de celebrar una nueva licitación para permitir el cambio de contratista.

2.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

b) Cuando la necesidad de modificar un contrato vigente se derive de circunstancias sobrevenidas y que fueran imprevisibles en el momento en que tuvo lugar la licitación del contrato, siempre y cuando se cumplan las tres condiciones siguientes:

1.º Que la necesidad de la modificación se derive de circunstancias que una Administración diligente no hubiera podido prever.

2.º Que la modificación no altere la naturaleza global del contrato.

3.º Que la modificación del contrato implique una alteración en su cuantía que no exceda, aislada o conjuntamente con otras modificaciones acordadas conforme a este artículo, del 50 por ciento de su precio inicial, IVA excluido.

c) Cuando las modificaciones no sean sustanciales. En este caso se tendrá que justificar especialmente la necesidad de las mismas, indicando las razones por las que esas prestaciones no se incluyeron en el contrato inicial."

Tendo en conta que a dirección de obra, en informe emitido en data 9 de agosto de 2021, considera que se compren todos os requisitos para considerar que esta modificación do proxecto se axuste ao sinalado na Lei de contratos do sector público, toda vez que, as modificacións se limitaron ás variacións estrictamente indispensables; á circunstancia sobrevinda de atopar un terreo distinto ao sinalado no estudo xeotécnico existente no proxecto de ampliación da ponte, non podían ser previstas no momento da licitación; a natureza global do contrato sigue sendo a mesma; e en ningún caso o modificado do proxecto superará o 50% do seu prezo.

Considerando que o proxecto modificado ven asinado dixitalmente o 09 de agosto de 2021 polo contratista de conformidade, considerándose así aceptado polo mesmo. E sendo redactado dito proxecto modificado por un terceiro alleo ao órgano de contratación resultando asimesmo conforme ao mesmo. Así como polo director da obra que resulta ser o técnico municipal

Polo tanto e conforme ao anteriormente exposto, enténdese que estes requisitos se cumpren e que polo tanto, sería admisible xuridicamente a modificación contractual proposta.

TERCEIRO.- A valoración económica destas modificacións supoñe un incremento del 19,92 % do prezo global do contrato, que foi adjudicado en 58.048,01 €, existindo na aplicación orzamentaria 2021.1532.61900 crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este incremento do prezo de contratación por importe de 11.563,16 €



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

4.- CONCLUSIÓNS.

Á vista do exposto ao longo deste informe, esta Intervención Municipal FISCALIZA DE CONFORMIDADE a modificación do contrato relativo á obra "Modificado nº 1- da obra Proyecto Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)", sempre e cando O Pleno do Concello de Carral e a Deputación da Coruña manifesta a súa conformidade co proxecto.

Carral, na data da sinatura dixital que figura ao marxe "

Á vista da devandita documentación en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** que, previo o ditame preceptivo da comisión informativa correspondente, adopte os seguintes

ACORDOS

1.- Aprobar a modificación do proxecto "obra "Modificado nº 1- da obra Proyecto Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)", asinado dixitalmente o 09 de agosto de 2021 pola inxeñeira de camiños, canais e portos D^a Ana María García Mallo (colexiada 16.810) e remitilo á Deputación Provincial da Coruña mediante a plataforma de subtel.

2.- Remitir un xustificante desta resolución á Deputación Provincial da Coruña polo medio indicado (SUBTEL).

Carral, na data da sinatura dixital que figura ao marxe

A Alcaldesa en Funcións

(Por substitución segundo Decreto 324/2021

do 03 de agosto de 2021)

Susana Guimarey García"

Sometido a votación, a comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emite dictame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV) e do PSdeG-PSOE (que suponen 8 votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordó plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PSdeG-PSOE) (Non asistiron o representante do PP e a concelleira non adscrita).

DEBATE



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

Lida polo Alcalde a proposta e explicada a urxencia desta xa que ten que estar subido á plataforma da Deputación o acordo deste pleno antes do de principios de setembro xa que o teñen que aprobar no pleno da Deputación. O Sr. Alcalde concede a palabra ao Sr. Mouriño.

Intervén o Sr. Mouriño para dicir que non hai modificacións substanciais, xa que non chega ao 20 % da modificación económica, manifesta o Sr. Mouriño que esta modificación é un capricho do actual equipo de goberno xa que o día 15 de xuño de 2018 remitiuse a Augas de Galicia o proxecto, o 12 de febreiro de 2019 saíu a contratación este proxecto, o 06 de maio de 2019 aprobouse o plan de seguridade e saúde, a acta de replanteo, indica o Sr. Fernández Mouriño, xa a fixo o actual alcalde en data 26 de xuño de 2019, o 23 de outubro de 2019 o actual equipo de goberno fai un novo estudo xeotécnico e emítese un informe técnico o 04 de decembro de 2020 para voltar a sacar a contratación o proxecto. Continua o Sr. Fernández Mouriño indicando que o proxecto se lle adjudicou a unha enxeñeira local e esta remitiuno ao Concello o 09 de agosto de 2021, indica o Sr. Fernandez Mouriño que non hai, apenas, aumento sustancial, segundo o informe técnico supón un 4%, como moito un 10%, indica o Sr. Mouriño que é un capricho xa que ao equipo de goberno se lle “meteu na cabeza” que tiña que ser mais ancha a ponte, unhas 9 metros pero ao final o único que cambia é que se aumentou un metro mais ou un metro trinta mais no que é a excavación para facer a ponte mais seguro. Indica o Sr. Mouriño que antes había unha barreira quitamedos de aceiro inoxidable e agora non é de aceiro, antes había un bordillo de hormigón pulido e agora non vai así.

Continúa o Sr. Fernández Mouriño dicindo que todo o que dixo supón un 19,92 %, non chega ao 20%, sigue insistindo en que isto é un capricho do actual equipo de goberno e non entende porqué a día de hoxe os veciños non poideron disfrutar de esa ponte e manifesta o Sr. Mouriño que espera que as obras estén rematadas en novembro de 2021. Non entende como se aumentaron once mil e pico de euros e non entenden este capricho, ao final a ponte vai igual que antes e seguen os mesmos metros (7)

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por maioría dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral e tres dos concelleiros do grupo municipal deo PsdeG-PSOE; votos en contra 3 dos concelleiros/as do PP; excusan a súa asistencia un concelleiro do grupo PP e a concelleira do grupo non adscrito). Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

ACORDOS

1.- Aprobación do proxecto “obra “Modificado nº 1- da obra Proyecto Ampliación ponte sobre o río Brexa na estrada municipal entre o lugar da Calle e lugar do Penedo (Carral-A Coruña)”, asinado dixitalmente o 09 de agosto de 2021 pola inxeñeira de camiños, canais e portos D^a Ana María García Mallo (colexiada 16.810) e remitilo á Deputación Provincial da Coruña mediante a plataforma de subtel.

2.- Remitir un xustificante desta resolución á Deputación Provincial da Coruña polo medio indicado (SUBTEL).

3.- Proposta de fixación de festas laborais locais para 2022

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 17 de agosto de 2021, como segue:

“ PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

ASUNTO: Proposta de fixación de festas laborais locais para 2022

Logo de ver que nestas datas aínda non se recibiu o habitual escrito remitido todos os anos polo Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia, solicitando do Concello a proposta de determinación de festas laborais locais para o ano seguinte (2022), (de acordo co establecido no artigo 37.2 do Real Decreto Legislativo 2/2015, do 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, e no artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo, declarado vixente pola disposición derogatoria única do Real Decreto 1561/1995, do 21 de setembro, sobre xornadas especiais de traballo), e a súa remisión ao departamento territorial da devandita Consellaría, mais en previsión de tal requirimento.

Tendo en conta que, dos festivos tradicionais no Concello de Carral (Martes de Entroido e 08 de setembro (festa da Virxe do Socorro)), o segundo deles non coincidirá en 2022 en domingo.

En uso das atribucións que me confieren coma Alcalde os artigos 21.1 a), e c) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO**, que, previo o preceptivo ditame da Comisión Informativa correspondente, coma órgano competente ao efecto, de acordo co artigo 46 do Real Decreto 2001/1983, de 28 de xullo, adopte os seguintes **ACORDOS**:

1.- Propoñer a fixación das seguintes festas laborais locais de Carral (A Coruña) para o ano 2022:

-01 de marzo de 2022 (Martes de Entroido)

-08 de setembro de 2022 (Virxe do Socorro)

2.- Comunicar a proposta ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia antes da data que se indique pola súa banda.

Carral, na data de sinatura electrónica que figura á marxe

Dona Suana Guimarey García,

Alcaldesa en Funcións

(Por substitución do señor Alcalde por ausencia,
segundo decreto 324/2021 do 03 de agosto de 2021)”

Sometido a votación, a comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno emite dictame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos representantes presentes na sesión dos grupos municipais da Alternativa dos Veciños de Carral (AdV) e do PSdeG-PSOE (que suponen 8 votos, segundo o voto ponderado acordado ao constituir esta comisión informativa, mediante acordó plenario do 24 de xullo de 2019, en aplicación do establecido nos artigos 66.2 e 68.5 Lei 5/1997, de 22 de xuño, de Administración Local de Galicia: 5 AdV e 3 PSdeG-PSOE) (Non asistiron o representante do PP e a concelleira non adscrita).

DEBATE

Ningún/ha dos/as membros da comisión desexa realizar ningunha observación.

VOTACIÓN E ACORDOS

Sometida a votación a proposta, esta é aprobada polo Pleno do Concello de Carral, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asisten á sesión (votos a favor dos/as cinco



Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: www.carral.es / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: correo@carral.es

señores/as concelleiros/as do grupo municipal da AdV de Carral, dos/as tres concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e 3 votos a favor dos concelleiros do PP). Á vista de todo o anterior adoptando os seguintes acordos:

1.- *Propoñer a fixación das seguintes festas laborais locais de Carral (A Coruña) para o ano 2022:*

-01 de marzo de 2022 (Martes de Entroido)

-08 de setembro de 2022 (Virxe do Socorro)

2.- *Comunicar a proposta ao Servizo de Traballo e Economía Social da Xefatura Territorial da Coruña da Consellaría de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia antes da data que se indique pola súa banda.*

Ás 13:10 horas, o Sr Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta que asina o Señor Alcalde, do que, como Secretaria accidental do Concello, dou fe.

O ALCALDE

A SECRETARIA ACCIDENTAL DO CONCELLO

Francisco Javier Gestal Pose

Sonia Campos Ares